

RECOMENDACIÓNS DA CONSELLERÍA DE SANIDADE PARA AS PERSOAS QUE TRABALLEN NAS LABORES DE RECOLLIDA E LIMPEZA DE FUEL DO PRESTIGE

(Actualización a 13-12-02)

1. MEDIDAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

As persoas que traballen fronte o verquido requirirán a utilización de roupa protectora, luvas axeitadas (a ser posible longas), botas de goma dura, impermeables e en determinados casos anteollos protectores que eviten salpicaduras nos ollos, así como protección respiratoria axeitada (segundo se estime polos responsables do Centro de Coordinación do Voluntariado habilitado polo Ministerio de Medio Ambiente e a Xunta de Galicia).

1.1. Roupa de traballo:

Estes equipos cubren total ou parcialmente o corpo do operario para defende-lo, neste caso, fronte a riscos de orixe químico e térmico. Entre as fibras resistentes a produtos químicos existen no mercado numerosas fibras plásticas de distinta natureza (acrílicas, poliamidas, poliestéres, polietilenos...). Utilizaranse prendas homologadas. Deben axustar perfectamente en pescozo, pulsos e nocellos, pero sen que aprete demasiado. A roupa non terá orificio algún e se é posible tampouco petos. Os peches, protexidos cunha tela superposta do mesmo tecido, serán de cremalleira ou velcro, polo seu maior axuste e a súa facilidade para liberarse da mesma en caso necesario.

1.2. Protección da cara e ollos:

Teñen como misión protexer da proxección de partículas sólidas e salpicaduras de fuel. Os equipos de protección máis adecuados son os anteollos protectores, pechados ou de protección integral.

1.3. Protección das extremidades superiores (luvas):

Utilizaranse luvas sempre que se poida contactar co produto. É aconsellable asegurarse de que non quede exposta pel ó fuel, polo que deben selarse as luvas sobre o mono de traballo no seu borde superior.

Finalizada a tarefa as luvas lavaranse por dentro e por fóra deixando secar coa apertura para abaixo. As luvas deberán ser resistentes ó efecto dos hidrocarburos.

1.4. Protección das extremidades inferiores (botas):

Utilizaranse botas de goma resistentes a auga e a humidade, ou botas mixtas, que valen fronte a auga e a humidade e fronte a riscos mecánicos. Son preferibles as de caña alta. Tamén poderán levar un forro interior para evitar molestias por transpiración. A perneira do pantalón deberá situarse por fóra da bota para que no caso de derrame pola mesma, o líquido non penetre no interior.

Despois de cada xornada lava-lo calzado, deixando secar sempre coa apertura para baixo, para que non se formen pequenos charcos de auga contaminada no interior.

1.5. Protección das vías respiratorias:

Os equipos respiratorios teñen a misión de proporcionar ó usuario aire respirable, é dicir, que non conteña contaminantes químicos, ou que os conteña nunha proporción desprezable ou segura para o traballador. Aínda que neste caso as labores de limpeza transcorren ó aire libre e en zonas ben ventiladas, recomendamos a utilización de mascarillas, que serán imprescindibles cando se traballe en zonas confinadas, permanencia prolongada en zonas altamente contaminadas, sobre manchas importantes ou se realicen labores de retiradas sobre manchas mariñas, ou cando a persoa que realice o traballo teña que agacharse ou situarse moi próximo a grandes concentracións do produto.

O esgotamento dun filtro notase, comunmente, pola dificultade de respiración do usuario debendo proceder o seu cambio ou cambio da mascarilla.

Tra-la verificación dos equipos que a empresa TRAGSA facilita ós traballadores e voluntarios, compróbase que se adecúan as recomendacións anteriormente realizadas.

2. DIETA E HÁBITOS HIXIÉNICOS

2.1. Recomendacións no que se refire a dieta

En principio recomendase beber abundante cantidade de líquidos sen alcohol (preferentemente auga) para evita-la deshidratación por suor debido ó esforzo físico e a utilización de roupa pouco transpirable, luvas ou calzado impermeable, así como para facilitar os mecanismos de limpeza das vías respiratorias.

Non existen recomendacións específicas no que á dieta se refire. Recomendase a inxesta de dieta relativamente baixa en grasas e bundante en compoñentes como carbohidratos e proteínas que aportan abundante contido calórico e proteico, para facer frente ó esforzo físico que supón a retirada dos verquidos.

2.2. Recomendacións hixiénico-sanitarias principais:

- Só se deberán autorizar a participar nas operacións de limpeza a persoas informadas e equipadas.
- Imprescindible utiliza-los equipos de protección individual axeitados (luvas, anteollos, mascarillas, roupa protectora, botas) como os sinalados anteriormente.
- O contacto coa pel pode producir irritación cutánea. Ter a man material propio para descontaminación accidental da pel: no caso de impregnación cutánea retirase o fuel con compresas ou, no seu defecto, con toallas, panos ou papel; limparanse preferentemente con aceite vexetal, vaselina ou un aceite solar, e posteriormente lavarase con auga e xabón. Está contraindicada a limpeza con calquera outro disolvente químico (salvo produtos específicos autorizados), en particular augarrás ou alcohol. Consultar a un profesional médico en caso de aparecer noibéns ou calquera outra alteración na pel.
- No caso de salpicaduras oculares limparáanse con abundante auga durante máis de 10 minutos.
- Respetar-las normas elementais de hixiene no traballo: non fumar, non tomar bebidas alcohólicas mentras se traballe, etc.
- O traballo cun material que favoreza a vaporización ou formación de aerosois, como os dispositivos de lavado de alta presión, require que se reforce a obrigatoriedade do equipo de protección individual, e moi especialmente no referente a que se leve posta a mascarilla e os anteollos de protección.
- Ó persoal adicado a limpeza de aves, recomendáselle tamén a utilización de luvas de protección e ventilar regularmente o local destinado a estas tarefas, e valorarase tamén o uso de anteollos.
- Non expoñerse a situacións perigosas (nas rochas, oleaxe, mareas, etc.) nas tarefas de limpeza de fuel ou por intentar salvar unha ave.

3. SITUACIÓNS QUE CONTRAINDICARÁN O TRABALLO DE DETERMINADAS PERSOAS

- Non se recomenda que participen nas tarefas de limpeza e retirada de fuel derramado ás mulleres embarazadas, nenos ou anciáns, así como a persoas que presentan antecedentes de enfermidades crónicas: enfermidades respiratorias moderadas ou graves, grandes fumadores, enfermidades cardiocirculatorias, enfermidades hepáticas, renais ou osteoarticulares.

Analizouse información en relación co tema nas seguintes fontes:

- **The Internacional Agency for Research on Cancer (IARC)**
- **Enviroment Protección Agency (EPA) de USA**
- **Agency for Toxic Substances and Disease Registry (ATSDR) de USA**
- **Ministerio de Medio Ambiente**
- **Instituto Nacional de Toxicología**
- **CEDRE (Centro de Documentación, de Investigación e de Experimentación sobre a Contaminación accidental das augas) de Francia.**
- **INERIS (Instituto Nacional dos riscos medioambientais de Francia)**
- **Instituto de Vixilancia Sanitaria de Francia.**
- **Centro de Toxicología (Centro Antipoison de Rennes de Francia).**

ALGUNS EQUIPOS RECOMENDADOS

En principio, e sempre tras asegurarse que sexan compatibles e de boa calidade, e tras le-las especificacións do fabricante, poderían recomendarse como máis adecuados as luvas, botas ou roupa protectora que leven as seguintes composicións:

- **NEOPRENO (Goma de Cloropreno OR, NEO) de protección boa ou excelente.**
- **GOMA NITRILO (NBR, Nitrilo), de protección boa ou excelente.**
- **CLORURO DE POLIVINILO (PVC), de protección axeitada, boa ou excelente.**
- **MESTURA DE CLORURO DE POLIVINILO laminada con GOMA NITRILO, de protección boa.**
- **VITON (R) Goma Butilo Rubber (Vitón (Fluorocarbón Rubber, FPM, VIT) laminada con goma de Butilo (IIR. Butyl)), de protección excelente.**
- **NEOPRENO + LATEX de protección excelente.**
- **NEOPRENO + PVC de protección boa.**
- **POLIURETANO de protección excelente.**
- **MESTURA DE POLIETILENO CLORADO, ILIPALÓN, e PVC. de protección excelente.**